Será o primeiro dunha serie de actividades formativas voluntarias que a Cámara porá a disposición dos deputados para facilitar o seu traballo cotiá

O PARLAMENTO CELEBRA O PRÓXIMO LUNS UN CURSO SOBRE NOVAS TECNOLOXÍAS PARA OS DEPUTADOS DA VIII LEXISLATURA

- **Será impartido por persoal do Servizo de Tecnoloxías da Información do Parlamento**

Santiago, 30 de maio de 2009.- O Parlamento de Galicia celebrará o vindeiro luns, 1 de xuño, un curso dirixido a todos os deputados da VIII lexislatura, no que se lles faciliatará formación adicional sobre a utilización das novas tecnoloxías que a Cámara pon á súa disposición para facilitar o traballo cotiá.

O módulo formativo previsto para o vindeiro luns facilitará formación para o manexo do programa *Ágora*, que xestiona toda a documentación parlamentaria e permite desde o rexistro de iniciativas ata a consulta de expedientes, tanto da actual lexislatura como das anteriores. Tamén se ofrecerá información práctica sobre o uso de opcións avanzadas do equipo informático e de comunicacións facilitado a cada deputado ao inicio da actual lexislatura.

O curso será impartido por persoal do Servizo de Tecnoloxías da Información do Parlamento de Galicia

A presidenta do Parlamento, Pilar Rojo, ten intención de continuar organizando actividades formativas deste tipo, sempre voluntarias e orientadas a mellorar as capacidades dos deputados.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Departamento de Prensa: Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia
Tel. 981 551 329 – Fax.: 981 551 400; e-mail: carlos.varela.castineiras@parlamentodegalicia.es